

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	IES Politécnico de Vigo	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Portugués	1º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Instrumento de coñecemento, comunicación e creatividade, as linguas vehiculan, ademais, culturas e modos de ser e de facer. Así, o coñecemento de varias linguas pon a persoa usuaria en contacto cunha diversidade rica e complexa de experiencias e de construcións culturais, tanto individuais como colectivas. O coñecemento de linguas é, pola súa vez, un instrumento esencial para a existencia curiosa e participativa nun mundo global, no que se desenvolve un sentido de comunidade que está a dar lugar a comunidades dixitais, estilos de vida, hábitos de consumo e sensibilidades comúns respecto do que consumimos ou das condicións ambientais. Transitar adecuadamente, con instrumentos lingüísticos e culturais suficientes, por estes ámbitos da globalización, converteuse nunha necesidade para que poidan fluír o diálogo intercultural, a solidariedade internacional e os dereitos humanos universais.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Vamos aprender português!	UD de introdución á materia do portugués como segunda lingua. Identificar marcas da lingua portuguesa. Identificar marcas da identidade cultural portuguesa e lusófona.	10	10	X		
2	Novos amigos	Identificarse a si e aos outros. Indicar países e nacionalidades. Dar e pedir información sobre nomes e apelidos. Dar e pedir información sobre morada e teléfonos. Indicar a idade e a profesión.	20	10	X		
3	A familia	Identificar e indicar os graos de parentesco. Describir a familia. Indicar posesión. Preguntar e indicar a data e os días da semana. Describir persoas. Indicar	20	10	X		
4	Tenho amigos em todo o mundo	Caracterizar persoas, animais, obxectos. Gostos. Expresións para saudar.	20	10		X	
5	Estou feliz!	Describir sentimentos e estados físicos.	10	10		X	
6	Escolas do mundo	Comunicar na sala de aula. Describir diferentes tipos de escolas. dar opinión sobre a escola.	10	10			X
7	Jovens de todo o mundo!	Falar de accións habituais no presente. 10 X Falar de hábitos alimentares.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Vamos aprender português!	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece o sentido global.		
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Usa de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral.	PE	100
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menú, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.

UD	Título da UD	Duración
2	Novos amigos	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	Comprende descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple	PE	50
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos	TI	50
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día). - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.). - Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
3	A familia	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar	PE	75
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar en proxectos en que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos). - Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación. - Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación. - Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	Tenho amigos em todo o mundo	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación	PE	50
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar asúa capacidade de comunicar e de aprender		
CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia	TI	50
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar en proxectos en que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
5	Estou feliz!	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación	PE	50
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica	TI	50
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.

UD	Título da UD	Duración
6	Escolas do mundo	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	Comprender preguntas elementais e dare comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica	PE	75
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Utiliza estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explica o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa en proxectos en que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos). - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

UD	Título da UD	Duración
7	Jovens de todo o mundo!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados	PE	65
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Mostrar unha actitude de respecto por si mesmo/a e polas demais persoas para comprender e facerse comprender	TI	35

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa. - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os principios ou criterios metodolóxicos que fundamentan o proceso de ensino e aprendizaxe na área de ensino de Lingua Portuguesa son:

- O ensino e aprendizaxe da lingua debe ser entendido como comunicación, como motor do pensamento e como porta de acceso ao coñecemento.
- O ensino da lingua portuguesa implica a práctica de dous procesos cognitivos complexos: comprensión e produción.
- O ensino da lingua portuguesa implica a extensión do concepto de competencia lingüística á competencia pragmática.
- O coñecemento formal debe estar ao servizo da mellora das habilidades comunicativas.
- É necesario dar especial atención á oralidade e ás competencias activas.
- A adquisición das formas, estruturas e regras realizarase a través da reflexión sobre os usos contextualizados e revertendo no seu perfeccionamento.

- A unidade lingüística fundamental será o discurso e as propiedades textuais converteranse en base do funcionamento da lingua.
- A lingua tamén é transmisora de significados culturais. Así, a disciplina de Lingua Portuguesa debe garantir un coñecemento reflexivo e práctico do idioma que leve o alumnado a se sentir con autonomía para o utilizar en situacións comunicativas, mais tamén debe contribuír para a comprensión e á valoración da realidade plurilingüe e á superación dalgúns prexuízos que aínda existen á volta da lingua e da cultura portuguesa e, por extensión, á realidade lusófona.
- O ensino da lingua debe fomentar a creatividade. Así como todas as expresións culturais: música, cinema, literatura, etc.
- A aprendizaxe da lingua debe constituír unha fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de diferenciación.
- O ensino da lingua portuguesa adecuarase ao suxeito da aprendizaxe, ao seu desenvolvemento socioafetivo, persoal e cognitivo. Terase en consideración os coñecementos e habilidades que é capaz de adquirir conforme á súa idade e á proximidade e interese dos contidos.
- O ensino da lingua portuguesa debe fomentar o hábito de ler e o pracer como lector/a.
- É preciso aproveitar os recursos TIC e TAC para fomentar a pesquisa individual e a aprendizaxe cooperativa.
- A aprendizaxe lingüística non se realiza apenas nas aulas de lingua, mais tamén a través de visitas, música, cinema,

etc. Polo tanto, é importante espertar a curiosidade nos estudantes á volta da lingua portuguesa.

- O ensino da lingua portuguesa favorece o coñecemento e perfeccionamento da lingua galega, pelo que se potenciará o coñecemento mutuo e intercultural.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manual: Na Crista da Onda 1. Editorial Lidel. ISBN: 978-989-752-308-3
Empregaremos a plataforma Moodle para dispor contidos, encomendar e corrixir tarefas.

Manual utilizado na aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Proba oral e proba escrita ou observación directa.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	20	20	20	10	10	10	100
Proba escrita	100	50	75	50	50	75	65	64
Táboa de indicadores	0	50	25	50	50	25	35	36

Criterios de cualificación:

A materia para a súa cualificación divídese en: Proba expresión oral 30%. Proba comprensión e

expresión escrita 30%. Proba comprensión oral 30%. Traballo na aula 10%. A media da nota final da materia será calculada coa media ponderada de todas as avaliacións: 1ª avaliación 30%, 2ª avaliación 30%, 3ª avaliación 40%. A sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria deberá coincidir coa sesión de avaliación final, polo que a cualificación definitiva das materias e dos ámbitos farase efectiva na avaliación final do curso.

Criteria de recuperación:

A recuperación será realizada mediante actividades específicas ou exames, segundo as necesidades do estudante. Deberán realizar a recuperación todos os estudantes que non conseguiren media de 5 na nota final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O Departamento de Portugués porase en contacto cos alumnos pendentes da materia. Entregaráselle a cada trimestre ao Xefe de Departamento, unha redacción sobre un tema proposto previamente e uns exercicios de gramática e de funcionamento da lingua

marcados polo profesor da materia. No terceiro trimestre os estudantes que entregasen estas tarefas de maneira satisfactoriamente e aprobasen as redaccións serán cualificados como aptos, tendo a nota que lle corresponder segundo a calidade dos seus traballos. Se as tarefas encomendas non atinxisen os contidos mínimos esixíbeis estableceranse probas, segundo as datas oficiais.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado NEAE que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en

cada etapa para todo o alumnado.

Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas. Teremos en conta, especialmente, as deficiencias específicas dos estudantes con dificultades na lecto-escritura. As diferentes accións educativas axudarán a dar resposta, tanto ao estudantado que dentro dun mesmo grupo presenta diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma, como aos que teñen algún tipo de deficiencia física, psíquica ou sensorial. Algunhas das medidas implementadas poden ser: Dinámicas de grupo: formación de grupos de traballo por similitude de estilos de aprendizaxe ou de idades, e outras combinando nun mesmo grupo estilos, idades e capacidades diferentes. Traballo por proxectos, en que todos poidan contribuír coas súas fortalezas para a realización da tarefa final. Traballo por secuencias de tarefas de diferente grao de dificultade e temporalización (diferentes itinerarios de aprendizaxe), relacionadas co mesmo obxectivo, de modo que cada alumno poida escoller o seu propio ritmo e nivel de

dificultade. A atención individualizada. Uso das TIC como ferramenta de autoaprendizaxe, que permite ao estudiantado determinar o seu propio ritmo e os seus intereses, e unha relación co erro menos pública mediante a realización de actividades autocorrexíbeis. A atención individualizada ao estudiantado con deficiencia auditiva. Distribución do alumnado na aula co obxectivo de evitar o illamento do alumnado con máis dificultades para se integrar en grupos. Uso de diversos materiais que faciliten a autonomía dos alumnos e que respecten os diferentes ritmos de aprendizaxe. Recurso a actividades de reforzo ou de ampliación para equilibrar as diferenzas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.2 - Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuizos e estereotipos sexistas.	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a Portugal.	Visita de estudo a Portugal.		X	

Observacións:

Dependendo das posibilidades organizaranse unha ou dúas visitas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Temporalización dos estándares a avaliar.

Metodoloxía empregada
Efectividade da metodoloxía.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Contribución o desenvolvemento das competencias.
Medidas de atención á diversidade
Efectividade na atención a diversidade.
Clima de traballo na aula
Adecuación dos materiais didácticos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Traballo interdisciplinar

Descrición:

Cumprimento ou non dos mesmos. Unha valoración xeral.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións son un proxecto didáctico que se ten que adecuar á normativa vixente, aínda que deberemos de ter certa flexibilidade á hora de analizar o grao de desenvolvemento da mesma ao longo do ano académico, a adecuación das actividades escollidas a cada unidade didáctica, a efectividade da metodoloxía empregada, etc. Nas reunións de Departamento farase un seguimento do desenvolvemento da dita programación e terase en conta o cumprimento de obxectivos e a consecución das actividades realizadas.

9. Outros apartados